

**CONCELLO DE GUITIRIZ**

*Anuncio de procedemento de avaliación ambiental: trámite de avaliación ambiental. (Expediente R.E. 2596/2009).*

María Ángeles Paz Fanego solicita licenza municipal de actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, de conformidade co Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

A actividade para a que se solicita licenza identifícase con rexistro de entrada 2596/2009, para a construción de instalacións gandeiras para vacún de leite no lugar de Rego Pequeno, parroquia dos Vilares, concello de Guitiriz.

De acordo co disposto no punto 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un período de 20 días hábiles, co fin de que, durante este, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG poidan examinar o expediente, na secretaría xeral as persoas que de algún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretendan instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se consideren oportunas.

O prazo de exposición pública computarase desde a última das publicacións oficiais sinaladas.

Guitiriz, 27 de agosto de 2009.

Sandra Freire del Valle  
Alcaldesa en funcións

**CONCELLO DO IRIXO**

*Edicto.*

Sendo solicitado desta Alcaldía María López Díaz, licenza municipal para legalización de local destinado a café-bar, que se situará na Estación nº 1 (O Irixo), cumprindo co disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles, co fin de que, durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente na Secretaría deste concello; as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Irixo, 10 de agosto de 2009.

O alcalde  
Rubricado

**CONCELLO DE OURENSE**

*Resolución do 20 de agosto de 2009 pola que se anuncia a convocatoria de axudas á rehabilitación de vivendas e edificios do núcleo histórico de Ourense e o núcleo etnográfico de Seixalbo.*

1. Entidade subvencionadora.

1.1. Organismo: Concello de Ourense.

1.2. Dependencia en que se tramita o expediente: Departamento de Rehabilitación, Urbanización e Promoción da Vivenda.

1.3. Número de expediente: 1899/2009.

2. Obxecto da subvención.

2.1. Descrición do obxecto: concesión de axudas para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios dentro da área de rehabilitación do conxunto histórico-artístico de Ourense e o núcleo etnográfico de Seixalbo con base nos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio de Vivenda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ourense.

3. Presentación das solicitudes de axudas.

3.1. Prazo de presentación das solicitudes: as solicitudes de axudas poderánse presentar desde a publicación no DOG ata o 31 de maio de 2010.

3.2. Documentación que hai que presentar: a que se sinala no artigo 17 das bases.

3.3. Lugar de presentación: no rexistro xeral do Concello de Ourense, sito na Praza Maior 1, das 9.00 ás 13.00 horas.

3.4. Localidade Ourense.

4. Beneficiarios das axudas.

4.1. Poderán solicitar estas axudas:

Os propietarios e usufrutuarios de vivendas ou edificios destinados a vivendas, así como os arrendatarios (con contrato de aluguer visado pola delegación provincial da consellería e con depósito de fianza) ou os titulares dalgún dereito de uso sobre eles que teñan autorización da propiedade para acometer as obras, sempre e cando a vivenda constituía domicilio habitual.

Os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre os edificios cando se trate de axudas á rehabilitación de elementos comúns dos edificios.

Os titulares de vivendas desocupadas sempre e cando se comprometan a ocupalas eles mesmos, a transmitilas ou a cedelas en arrendamento ou de claquera outro xeito legalmente admisible, como resi-

dencia habitual e permanente, no prazo máximo de seis (6) meses desde a finalización das obras. Neste caso a concesión da axuda quedará condicionada á efectiva ocupación das vivendas no dito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano, por solicitude do interesado, cando medie causa xustificada.

Non se poderán vender ata pasados cinco anos desde o remate das obras (artigo 54 do Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, e artigo 53 do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro).

Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas que incorran nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terán as das obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios son informados da existencia do Rexistro público de subvencións. A solicitude de axudas significa a aceptación das bases.

#### 5. Criterios.

5.1. As axudas outorgaranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Obras rematadas con anterioridade á publicación destas bases, e xa inspeccionadas por técnicos municipais que non obtiveron axuda por ter esgotados os créditos dispoñibles previstos en anteriores convocatorias.

b) Antigüidade da solicitude.

#### 6. Obtención da documentación e información.

6.1. Entidade: Departamento de Rehabilitación, Urbanización e Promoción da Vivenda.

6.2. Enderezo: rúa Primavera nº 1.

6.3. Localidade e código postal: Ourense, 32005.

6.4. Teléfono: 988 36 62 35.

6.5. Correo electrónico: ofperi@ourense.es.

6.6. Web: www.ourense.es.

#### 7. Outras informacións.

7.1. As bases destas axudas atópanse na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.es), na epígrafe Trámites e impresos.

7.2. Máis información: Departamento de Rehabilitación, Urbanización e Promoción da Vivenda.

Ourense, 20 de agosto de 2009.

Andrés García Mata  
Tenente de alcalde

## CONCELLO DE PONTEAREAS

### *Edicto.*

Anelida Rodríguez Tielas solicitou desta alcaldía licenza municipal para actividade de granxa avícola (incluída no anexo 1, punto 1.1.1., explotación avícola), que se situará no lugar de Souto, na parroquia de Ribadetea, neste municipio, e cumprindo o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se consideren oportunas.

Ponteareas, 14 de xullo de 2009.

Salvador Gonzáles Solla  
Alcalde

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*Anuncio de licitación do procedemento aberto para a contratación da concesión de obra pública para a implantación e explotación dunha rede de banda ampla no marco dos proxectos Terras do Avia, Delorur e Arraiano, financiados mediante axudas Feder -eixe 5, desenvolvemento local e urbano- período 2007/2013, P.O. rexional de Galicia, convocatoria 2007.*

No perfil do contratante (www.depourense.es) publícanse íntegros os pregos de condicións para a contratación, mediante procedemento aberto, da execución da concesión de obra pública para a implantación e explotación dunha rede de banda ampla no marco dos proxectos Terras do Avia, Delorur e Arraiano, cun gasto autorizado (IVE e demais tributos incluídos) de 965.000 €, 625.000 € e 825.000 €, respectivamente, para cada un dos proxectos indicados. As proposicións presentaranse, no rexistro xeral da deputación, ata as 14.00 horas do cuadraxésimo (40º) día natural, contado desde o seguinte ao do envío, o 1 de setembro de 2009, do anuncio de licitación ao DOUE. A apertura de proposicións terá lugar de conformidade co disposto no prego de condicións. A documentación necesaria e demais datos figuran no mencionado prego de condicións.

Ourense, 11 de agosto de 2009.

José Luis Baltar Pumar  
Presidente da Deputación Provincial de Ourense